



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 3/2020 DO PLENO REALIZADA O DÍA 14-8-2020

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día catorce de agosto de dous mil vinte reúnen-se, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto. O sr. Dopico incorpórase á sesión no momento indicado no punto 4.

### ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)  
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)  
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)  
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)  
Ramón José Dopico Martínez (PP)  
Juan Manuel Freire Golpe (PP)  
José Otero López (PP)  
Remigio Pérez Bao (PP)  
José Ángel Roca Díaz (PP)

### AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15-6-2020. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; non se formula ningunha alegación polo que, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), se declara aprobada a acta da sesión extraordinaria e telemática de 15-6-2020.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICAC. ORZAMENT. 3/2020: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN. Dáse conta da memoria da tramitación do presente expediente:

- aprobación provisional por acordo plenario do 15-6-2020.
- publicación anuncio no BOP do 23-6-2020 (prazo de 15 días hábiles, que remata o 15-7-2020).
- durante o prazo de alegacións presentou alegación José Fernando Espada Orgeira (funcionario municipal); con data do 13-7-2020, para reducir a transferencia á partida 241.47000 a 4 ou 5.000 € (dos 12 previstos); esta partida recolle ás subvención para fomento emprego COVID-19, pero unicamente 4 solicitudes entraron en prazo.
- por acordo da Xunta de Goberno Local do 31-7-2020 desestimáronse as solicitudes de subvención, dado que a comisión avaliadora considerou que ningunha cumpría os requisitos básicos.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- con data do 5-8-2020 o BOP publica a convocatoria de subvencións a autónomos e microempresas, que serán xestionadas polos concellos adheridos, no programa denominado PEL-Reactiva.

- a proposta da Alcaldía era de que o concello se adhira a tal programa, polo que non sería procedente repetir a convocatoria estritamente municipal. A Xunta de Goberno, en sesión realizada hoxe 14-8-2020, acordou a adhesión do Concello de Irixoa ao citado programa provincial. Tamén propón a Alcaldía dotar a partida para outorgar unha gratificación especial aos empregados que tiveron unha maior exposición ao contaxio do coronavirus (auxiliares SAF e condutor transporte servizos sociais).

Tras un breve debate sobre as variantes circunstancias deste expediente, sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Aprobar definitivamente o expediente de modificación orzamentaria nº 3/2020, atendendo á alegación de José Fernando Espada Orgeira e tendo en conta as circunstancias actuais, co seguinte desglose:

## INGRESOS

### REMANENTE TESOURERÍA

870.01 Rmte. Tesourería para Suplementos Crédito..... 13.500,00.- €

SUMA TOTAL INGRESOS..... 13.500,00.- €

## GASTOS

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO

231.2001.13100 Salarios persoal laboral temporal (Trab. Social sust.)..... 13.500,00.-

SUMA TOTAL GASTOS..... 13.500,00.- €

## TRANSFERENCIA NEGATIVA

338.22609 Gastos diversos (festexos populares)..... 9.000,00.-

338.48000 Transferencias festas populares..... 11.000,00.-

## SUPLEMENTO- TRANSFERENCIA POSITIVA

231.2001.13000 Salarios persoal laboral temporal (auxiliares SAF-condutor) ... 2.500,00.-

231.2001.13100 Salarios persoal laboral temporal (Trab. Social sust.)..... 6.500,00.-

231.2001.16000 Seg. Soc. empresa persoal laboral temporal (Trab. Soc.)..... 7.500,00.-

## CREDITO EXTRAORD-TRANSF. POSITIVA

241.47000 Subvencións para fomento emprego Covid-19 (PEL-Reactiva).....3.500,00.-

SUNVENCÍONS NOMINATIVAS: anuláanse as seguintes subvencións nominativas de 800 € a comisións: Comisión de Festas de Ambroa (Festas de San Ramón); Comisión de Festas de Churío (Festas de San Martiño e Festas do Corpo Santo); Comisión de Festas de Coruxou (Festas de San Salvador e Festas de San Ramón); Comisión de Festas de Irixoa (Festas de San Lourenzo); Comisión de Festas de Mántaras (Festas da Virxe das Neves, Festas de San Cosme e Festas de San Simón; Comisión de Festas do Pilar (Garda Civil-Festas da Virxe do Pilar); Comisión de Festas de Verís (Festas da Virxe dos Milagres e Festas de Santa Teresa); Comisión de Festas da Viña (Festas de San Xoán).



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Créase a seguinte subvención nominativa: Asociación de Padres y Madres del Colegio Público Integrado Virxe da Cela (Xestal – Monfero) para as súas actividades a escolares e asociados, por importe de 2.000 €.

2. Procederáse á publicación no BOP do novo resumo por capítulos, así como á remisión de copias do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO RECOÑECEMENTO DO CARÁCTER PRIVADO DA PARCELA R.C. 15040C501090210000BA (CAMIÑO EN FEAL): JOSÉ ANTONIO FARALDO CASTRO. Con data do 9-3-2020 o Pleno municipal acordou recoñecer provisoriamente como privado un tramo de camiño existente dentro da antiga parcela 143 do políg. 501 (concentración parcelaria de Churío-Cela) en Feal (Mántaras).

Con data do 16-3-2020 publícase no BOP o anuncio de exposición pública de 15 días hábiles (por da pandemia do coronavirus o prazo iniciouse o 1-6 e rematou o 19-6-2020); durante tal prazo non houbo alegacións ao expediente.

Prodúcese un debate sobre o pouco rigor técnico da derradeira renovación catastral, catastrando como públicos camiños privados e olvidándose de moitos camiños públicos, así como tamén chégase a constatar que existen na zona outros camiños con idéntica problemática ao solicitado, que tampouco constaban na planimetría da concentración parcelaria:

- camiño parcelado co nº 9019 do polígono 501, e
- camiño parcelado co nº 9025 do polígono 501 (consta como servidume na concentración).

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, aprobándose, por unanimidade de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Atendendo á petición do escrito de José Antonio Faraldo Castro, así como por propia constatación municipal, o Concello de Irixoa recoñece definitivamente que os tramos de camiños abaixo sinalados como municipais na zona de Cela - Mántaras, dentro do polígono 501 e zona concentrada, non son de titularidade municipal nin de uso público. Os camiños pertencían ás parcelas indicadas, sendo catastrados erroneamente a nome do concello.

- camiño parcelado co nº 9021 do polígono 501 (88 m<sup>2</sup>, supostamente pertence á parcela 10143),
- camiño parcelado co nº 9019 do polígono 501 (227 m<sup>2</sup>, supostamente pertence ás parcelas 142, 154 e 5.048)
- camiño parcelado co nº 9025 do polígono 501 (227 m<sup>2</sup>, supostamente é unha servidume da parcela 68 en favor da parcela 64).

Para tal recoñecemento tense en conta que existen tales tramos, pero sempre foron tidos por privados e non consta cesión nin aparecen na planimetría da concentración parcelaria, a pesar de que na revisión catastral foron atribuídos erroneamente ao concello. O Concello de Irixoa tamén fai constar que, tendo en conta o carácter privado de tales tramos de camiño, o mantemento e reparación dos mesmos non será responsabilidade municipal. Realizaranse os trámites oportunos para que os planos do catastro plasmen correctamente a natureza privada de tales tramos.

2. Notificarase o presente acordo definitivo do expediente ao solicitante, utilizando o modelo C-9985 dos establecidos polo concello.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. EXPEDIENTE DE EXPROPIACION TERREOS PARA EXECUCIÓN PROXECTO ENSANCHE E MELLORA CAMIÑO PÚBLICO ARUFE-CHURÍO: ALEGACIÓN DE JOSÉ ANTONIO CANCELO PURRIÑOS. Ao iniciarse este punto, sendo as 13:22 horas, incorpórase á sesión o sr. Dopico. Dáse conta da tramitación do expediente de expropiación, iniciado polo acordo plenario do 13-12-2019, información pública mediante anuncio no BOP da Coruña do 30-12-2019 e aprobación definitiva da relación de bens a expropiar por acordo plenario do 9-3-2020.

Dáse conta tamén da alegación presentada posteriormente por José Antonio Canelo Purriños, rexistrada de entrada co nº 411 do 8-5-2020, na que se declara propietario das parcelas afectadas 363, 385, 394 e 405; indica que non pretende compensación económica polo terreo a expropiar, pero si a reposición dos cerramentos que se verán afectados pola ampliación do camiño, tanto na prcela 385 como na 394; acompaña reportaxe fotográfica dos cerramento e 3 orzamentos do custo da reposición (dende 4.283 € ata 6.655 €).

O sr. alcalde indica que o concello estudou a posibilidade de adquirir material (50 postes de madeira tratada e arame para delimitar as parcelas afectadas en varios niveis) para repoñer os cerramentos afectados, estimando un custo aproximado de 800-900 €; a intención da Alcaldía é chegar a un acordo beneficioso para ambas partes, evitando con elo un tenso proceso de expropiación.

Por parte de secretaría-intervención indícase que se fixo un estudo dos valores que a Axencia Tributaria Galegas fai destas parcelas, cun prezo medio de 1,53 €/m<sup>2</sup>; con este prezo medio o valor dos terreos a expropiar sería o seguinte:

PARCELA	M <sup>2</sup> A EXPROPIAR	VALOR MEDIO	PREMIO DE AFECCIÓN (5%)
363	332	507,96	25,4
385	385	589,05	29,45
394	322	492,66	24,63
TOTAL	1.039	1.589,67	79,48

Non obstante, hai un queixa xeneralizada de que estes valores que se toman aos efectos de liquidar impostos e taxas autonómicos, son excesivos e superan claramente os prezos de mercado, que son os que se terían que ter en conta para fixar os xustiprezos e as indemnizacións correspondentes.

O resto de corporativos manifesta que acceder á pretensión do reclamante sería un agravio comparativo coa situación dos doaron incondicionalmente os terreos necesarios para a ampliación, sen pedir nada a cambio. Finalmente, ao remate do debate, chégase a un consenso de cara a desestimar o contido da reclamación, así como a opción da reposición municipal, sendo o máis xusto a continuidade do expediente de expropiación, coa indemnización que corresponda polos terreos, que será dun importe moito máis baixo.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1. Desestimar a alegación de José Antonio Cancelo Purriños, en relación á expropiación de terreos para a execución do proxecto Ensanche e mellora camiño público Arufe - Churío (POS+ 2020):

- non considerar acreditada a propiedade alegada da parcela 405 do políg. 38, xa que no acordo plenario do 9-3-2020 foi atribuída á comunidade hereditaria formada por María Inés Díaz Varela e Elba María Díaz Varela (herdeiras de Manuel Díaz Vidal).

- non considerar xustificada a necesidade de repoñer cerramentos vellos existentes, nin o valor desmesurado atribuído aos mesmos.

2. Solicitar finalmente á Xunta de Galicia, polas razóns expostas no acordo plenario do 13-12-2020, e de acordo co artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

3. Continuar a tramitación do expediente para a determinación do prezo xusto dos terreos citados polo procedemento de taxación individual mediante peza separada.

## 5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS.

Dáse conta da moción do grupo do Partido Popular, que é defendida polo seu voceiro e alcalde. En resumo o sr. Alcalde está en contra do sistema do goberno para adquirir polo sistema de préstamo a longo prazo os aforros das entidades locais, bloqueando o seu posible investimento en necesidades locais; non obstante, tamén se manifesta contrario á normativa de estabilidade orzamentaria do 2012, que debería ser reformada, xa que xurdiu dunha necesidade puntal de frear o gasto público desmesurado.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) maniféstase a súa postura contraria á moción, xa que o préstamo é voluntario, nunca obrigatorio, recordando que o establecemento das restricións pola regra de gasto foi establecido polo goberno do PP.

Por parte do sr. Boado (BNG) tamén se manifesta unha postura contraria á moción, por razóns similares ás da concelleira socialista, indicando ademais que o contido da moción está superado polos acontecementos recentes sobre o coronavirus.

A xustificación literal da moción é a seguinte:

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus Covid-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia...

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España, que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as entidades locais poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatorio de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Sustentabilidade Financeira e, por tanto, impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma e porque, ademais, o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para que todas as entidades locais poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.
2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do Covid-19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.
3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.
4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das entidades locais na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas entidades locais así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais lles prestemos "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente nos permitirá gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as entidades locais non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas entidades nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente se acepta prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello Irixoa, a adoptar os acordos da moción.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables e 2 votos contrarios (sres. Boado e Cal), o seguinte **acordo**:

1. Manifestar o compromiso do Concello da Irixoa coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
2. Manifestar o profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscrición de préstamos das entidades locais ao Estado para devolver a longo prazo.
3. Instar ao goberno de España a respectar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
4. Instar ao goberno de España a atender as demandas das entidades locais, especialmente a referida á flexibilización da regra de gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ( LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do Covid-19.
5. Instar ao goberno de España a que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das entidades locais e dos españois.
6. Instar ao goberno de España a que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.
7. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

## 6. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MESES ANTERIORES.

Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía nos meses de marzo, abril, maio, xuño e xullo de 2020; o reparto das relacións extractadas das mesmas a cada corporativo fíxose con carácter previo con motivo dunha convocatoria anterior, agás no relativo á relación de xullo que se reparte nesta sesión a cada corporativo asistente. Remítirase unha copia ás administracións estatal e autonómica.

O Pleno queda enterado.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

A pregunta do sr. Boado (BNG), prodúcese un debate sobre as resolucións derivadas de expedientes promovidos por Manuel Rivera Pedreira.

7. COÑECEMENTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS 2020 (CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL). Dáse coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local do 17-7-2020 relativo á solicitude de subvención dentro do plan concertado de servizos sociais 2020 (Consellería de Política Social); a solicitude afecta ao persoal dos servizos sociais, xestión de programas e ao programa de axuda no fogar, solicitándose un financiamento de 197.571 € (Anexo V), co seguinte desglose:

- Persoal: 18.315 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
  - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 179.256 €
- Xestión de programas: 0,00 €
- Investimento: 0,00 €

O Pleno queda enterado.

Sendo as catorce horas e cero minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace  
O ALCALDE